



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13-02-2023

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10:35 horas do día 13 de febreiro de 2023, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO (asistencia telemática)

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS: D^a. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA (asistencia telemática)

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ (asistencia telemática)

Motivación da sesión extraordinaria:

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria o primeiro e terceiro luns de cada mes, e dado que non se puido convocar a sesión que correspondía celebrar o luns 6 de febreiro, procede convocar sesión extraordinaria para o luns 13 de febreiro de 2023.

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión extraordinaria celebrada o 30-01-2023

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Contratacións

2.1. Aprobación do expediente de contratación “Ampliación do abastecemento na parroquia de Languerón (Languerón, Os Melcos, A Carrasqueira) -POS+ADICIONAL 2022” EXPTE. 2022/C003/000005.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 10-02-2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA) - POS+ADICIONAL 2022” EXPTE. 2022/C003/000005.

Logo de ver o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA) -POS+ADICIONAL 2022” cun valor estimado de 175.596,16 euros, IVE 36.875,19 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 212.471,35 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, en outubro de 2022, e aprobado polo acordo do Pleno de data 27-10-2022.

Logo de ver o disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución da obra **“AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA) -POS+ADICIONAL 2022”**, actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Logo de ver o disposto no art. 231 LCSP 2017, o cal establece que “la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica”, o proxecto redactado incorpora todos os requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato. Cóntase con tódalas autorizacións sectoriais preceptivas, as cales figuran incorporadas ao expediente. O proxecto aprobouse pola resolución desta alcaldía núm. 339/2022, de data 09-05-2022.

Segundo o proxecto a finalidade do mesmo consiste na canalización de 2.520 m. de tubo de polietileno alta densidade de 125 mm de diámetro exterior e 16 Atm. de presión, 1.355 m. de tubo de polietileno alta densidade de 90 mm de diámetro exterior e 16 Atm. de presión e de 76 m. de tubo de polietileno alta densidade de 40 mm de diámetro exterior e 16 Atm. de presión, previa apertura de zanja e posterior recheo e compactado da mesma. Contemplase tamén a mellora da capa de rodaxe de 4 treitos de 180x4 m., 260x4 m., 40x4 m. e 170x3.5 m. con 5 cm. de aglomerado en quente, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo.

Remata as obras a execución de 38 arquetas de abastecemento, a instalación de valvulería necesaria e a reposición de pavimentos co firme semellante ao 3existente. Na estrada CP-1405 o tubo reforzase con 20 cm de formigón e nas proximidades da Igrexa de San Xián de Languairón realizaranse 2 tiras de pavimento de adoquíns de granito de 0,5 m. de ancho, en ambas marxes, en 70 m. de lonxitude.

A actuación levarase a cabo en terreos de titularidade municipal, sendo o abastecemento de auga un servizo de prestación obrigatoria, polo tanto establécese como un fin institucional propiamente dito, posto que entra dentro das competencias e das obrigas municipais, tendo neste caso o financiamento necesario no Orzamento Municipal de 2020, prorrogado para o actual exercicio, por medio da subvención concedida pola Deputación Provincial no POS + Adicional de 2022, pola totalidade do orzamento de licitación.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con

que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Deputación da Coruña, incluída no Plan Adicional do POS+2022. Acredítase consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2022. 160.619.00, polo importe de 212.471,35 euros, segundo a retención de crédito practicada pola Intervención na data de 09-02-2023.

En cumprimento do disposto na resolución da alcaldía núm. 92/2023, de data 02-02-2023, neste procedemento empregárase o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeitar para contratación mediante o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, todo ilo consonte ao establecido no artigo 159.1 e seguintes da LCSP. De conformidade coa resolución de data 07-03-2022 este proxecto non se dividirá en lotes, ao estar xustificado porque dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico, consonte co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Consta no expediente as autorizacións sectoriais preceptivas para a execución das obras:

- Da Deputación da Coruña, resolución de data 07-11-2022, autorización que solicitou para AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO EN LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA), na DP1405 – PAZOS A LEAS POR BERES P.K. 2+090 2+820, debendo executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións técnicas e prevencións que se fixan na mesma.

- Da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, resolución de data 04-01-2023, pola que se autoriza as obras de ampliación solicitadas coas condicións que figuran nos informes arqueolóxico e arquitectónico dos servizos técnicos, non podendo comezar as obras mentres non sexa autorizado o proxecto de control e seguimento arqueolóxico que se ten que presentar.

Logo de ver o informes técnico que obra no expediente emitido polo Arquitecto Técnico Municipal na data 02-02-2023, as obras executaranse afectando só a terreos de titularidade municipal, polo que existe a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así como a acta de replanteo posterior á aprobación proxecto, emitida polo técnico redactor na data de 31-01-2023, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, así como o informe do técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, como xefe da dependencia de contratación de data 10-02-2023, e os pregos de cláusulas administrativas particulares empregando os prego tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña para o procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Logo de ver os informes preceptivos de secretaría e intervención de data 10-02-2023.

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 175.596,16 euros. De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2023 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos.

Considerando que a sobredita competencia é atribuída a alcaldía, a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente elevo a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación 2022/C003/000005 da obra denominada “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA) -POS+ADICIONAL 2022” cun valor estimado de 175.596,16 euros, IVE 36.875,19 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 212.471,35 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, en outubro de 2022, e aprobado polo acordo do Pleno de data 27-10-2022 e cun prazo de execución de seis meses, así como o Prego de Prescricións Técnicas incorporado no proxecto e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 212.471,35 euros con cargo á aplicación orzamentaria 161 61900 proxecto de gasto 2.2022 2 22GG 1 1.

Terceiro.- Publicar no Perfil do Contratante e Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

Ponteceso, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido
Documento asinado dixitalmente”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.- Subvencións

3.1. Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para os servizos de normalización lingüística FONL 2023. Expediente: 2023/A008/000009

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 10-02-2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para os servizos de normalización lingüística FONL 2023. Expte. 2023/A008/000014.

ANTECEDENTES

1º. No Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña núm. 6 , do 10 de xaneiro de 2023, saíu publicada a Resolución pola que aproban as bases reguladoras do programa FONL de subvencións dirixidas aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística (SNL) durante o ano 2023. O obxecto desta convocatoria é establecer as normas para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pagamento das subvencións en réxime de concorrência competitiva que conceda a Deputación da Coruña, destinadas a financiar as retribucións do persoal técnico dos servizos de normalización lingüística (SNL) das entidades locais que abrangue este programa. Os concellos serán os encargados de pagar directamente as súas nóminas e Seguridade Social. A Deputación contribuirá cun importe por concello, agrupación

de concellos, mancomunidades e outras entidades locais de 15.000 euros no exercicio 2023 por xornada completa.

2º. No BOP da Coruña núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023, saíu publicada a Resolución pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para os servizos de normalización lingüística FONL 2023.

ANTECEDENTES LEGAIS E TÉCNICOS

- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística (SNL) durante 2023.
- Resolución 374/2019, do 26.06.2019, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local - Resolución 283/2020, de modificación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local na Resolución 374/2019

Polo anterior, propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **ACORDO**:

Único.- Solicitarlle á Deputación Provincial da Coruña unha subvención por importe de 15.000 euros para financiar as retribucións do persoal técnico funcionario do Servizo de Normalización Lingüística.

Ponteceso, 10 de febreiro de 2023
O alcalde

Xosé Lois García Carballido"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.2. Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023, (Programa FO206/2023). Expediente: 2023/A008/000009

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30-01-2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023, (Programa FO206/2023)

Expediente: 2023/A008/000009

ANTECEDENTES

- No Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña núm. 16, do 24 de xaneiro de 2023, saíron publicadas as bases reguladoras de convocatoria de subvencións dirixida a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023, (Programa FO206/2023).
- Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención "2023/A008/000009. Cultura. Subvención persoal técnico en xestión cultural 2023 (FO206/2023).", onde se solicita o importe máximo de 15.000,00 € para a modalidade B. Mantemento do posto de traballo de técnico/ municipal en xestión cultural. Diríxese a financiar as retribucións dos postos de traballo de técnicos/as municipais de xestión cultural xa existentes nas entidades locais.
- Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

- Considerando a atribución concedida ó alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Polo anterior, propóñolle á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023, (Programa FO206/2023)., segundo as bases publicadas no BOP núm.16 do 24/01/2023, de acordo coas contías establecidas no cadro de orzamento e coas obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

Documento asinado electronicamente á marxe

O alcalde
Xosé Lois García Carballido"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.3. Subvencións actividades dinamización da lectura en bibliotecas ano 2023

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 07-02-2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Solicitude de subvención ORDE do 19 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT236A).

- Vista esta Orde publicada no DOG núm.17 do 25 de xaneiro de 2023.

- Visto o Extracto da Orde publicado no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2023.

- Visto o expediente tramitado ao efecto da solicitude desta subvención " 2023/A008/000011 - Subvencións actividades dinamización da lectura en bibliotecas ano 2023 (CT236A)".

- Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

- Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Polo anterior, propóñolle á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Solicitar a subvención ORDE do 19 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT236A).

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Xunta de Galicia a documentación esixida nas bases da convocatoria.

Documento asinado electronicamente á marxe
O alcalde
Xosé Lois García Carballido"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:40 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinándoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.^a Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.